

CONVENIO ENTRE O CLUB ATLETISMO SANTIAGO E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ANO 2021.

Dunha parte, D. Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Doutra parte, D. Alfonso López Menduiña, con documento nacional de identidade número 44.077.373-N, Presidente do CLUB ATLETISMO SANTIAGO, con domicilio social en Santiago de Compostela na Avda. Romero Donallo núm. 29, entreplanta, con CIF G70389721, co número de Rexistro na Secretaría Xeral para o Deporte C-11736 e no Rexistro Municipal de Asociacións co número 627.

Interveñen ambos coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren e

EXPOÑEN

- I. Que o presente convenio regularase polo disposto na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e polo definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- II. Que o Concello de Santiago de Compostela é competente en materia de promoción deportiva ao abeiro do disposto no artigo 25.2.I da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 8 da Lei 3/2012, de 02 de abril, de deporte de Galicia.
- III. Que son os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, segundo se establece especificamente nos artigos 47.2.c e 48.7 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, no artigo 28 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no artigo 26 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, así como, de forma específica no artigo 31.10 das Bases de execución do orzamento municipal.
- IV. O Concello de Santiago para levar a cabo coa colaboración do CLUB ATLETISMO SANTIAGO o obxecto deste convenio, estará ao previsto nas Bases de execución do orzamento do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2021, que de acordo co establecido no seu artigo 33.2. anexos IV e VII achegará a cantidade de **nove mil euros (9.000,00.-€)** con cargo á aplicación orzamentaria **090 34100 4890007**.

É, polo que as partes

MANIFESTAN

- I. Que o CLUB ATLETISMO SANTIAGO é o club máis representativo a nivel local na modalidade de atletismo en pista, dado que está a participar con varios atletas nos Campionatos de España a nivel individual e por equipos, así como en campionatos de ámbito autonómico, o que o converte nun referente local a nivel deportivo e social.
- II. Que o Concello de Santiago considera importante establecer acordos de colaboración coa mencionada entidade co fin de garantir a súa presenza na elite do deporte de competición, considerando que é positivo polo que supón para a promoción da cidade, así como, de exemplo e motivación para o deporte de base. En consecuencia,

CONVEÑEN

1º.- É obxecto deste convenio subvencionar parte dos gastos necesarios para que o CLUB ATLETISMO SANTIAGO compita durante o ano 2021 na categoría NACIONAL e na categoría AUTONÓMICA. Isto significa que deberá participar nas mencionadas categorías durante a tempada 2021.

2º.- O CLUB ATLETISMO SANTIAGO comprométese a presentar antes da sinatura do presente convenio, para que forme parte do mesmo, a seguinte documentación:

2.1.- Estatutos da entidade. Acreditación da representación da mesma no suposto de non empregar un certificado dixital de representante de persoa xurídica

2.2.- Certificación oficial da Federación Galega de Atletismo, polo que se acredita a súa participación en competicións de carácter oficial e de ámbito nacional e autonómico durante a tempada 2021, así como a certificación do número de atletas participantes nos referidos campionatos.

2.3.- Certificación do club, asinada polo Secretario co visto e praxe do Presidente, do orzamento xeral de gastos e ingresos aprobados para a tempada 2021 da categoría obxecto de subvención, así como, o xeral da entidade.

2.4.- Certificacións oficiais de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social e coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Comunidade Autónoma e co Concello de Santiago. Non obstante, se o considera oportuno poderá dar autorización escrita para que o Concello poida directamente realizar as consultas pertinentes para estes supostos en calquera fase do procedemento.

2.5.- Declaración xurada do Presidente de non estar incurso, a entidade que representa, nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria da subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

2.6.- Copia do CIF da Entidade.

2.8.- Impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figure CLUB ATLETISMO SANTIAGO como titular e o seu número de conta facendo constar o BIC e IBAN.

3º.- Ademais do anterior, en cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, o persoal, colaboradores ou voluntarios da entidade beneficiaria que estean en contacto habitual con menores, non poderán ter sido condenados por sentenza firme por delito algún contra a liberdade e indemnidade sexual, ou a trata de seres humanos. Para tal efecto, estas persoas deberán acreditar ante a entidade beneficiaria, que achegará declaración xurada nese senso, dita circunstancia mediante a presentación de certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.

4º.- O Concello de Santiago comprométese a subvencionar no ano 2021 ao CLUB ATLETISMO SANTIAGO coa cantidade de **9.000,00.-€** con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890007 do orzamento do ano 2021, destinados a colaborar no financiamento do gasto que supón a participación na competición indicada no punto 1º deste convenio.

Licencias e mutualidade F.G.A e R.F.E.A	7.500 €
Desprazamentos (avións, autobuses, trens)	2.328 €
Aloxamentos	2.980 €
Equipación deportiva	1.539 €
Total orzamento por estes conceptos	14.347 €

A contribución municipal manterase sempre e cando, en concorrencia con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos públicos ou privados, non se supere o orzamento total de gastos presentado polo CLUB ATLETISMO SANTIAGO para cada unha das tempadas indicadas.

5º.- O CLUB ATLETISMO SANTIAGO, ao efecto de publicitar a colaboración do Concello de Santiago comprométese, en virtude deste convenio á:

5.1.- Colocación do anagrama e o lema *Concello de Santiago* na parte dianteira da camiseta de competición na temporada 2021.

5.2.- Publicitar a colaboración do Concello de Santiago nos carnés dos abonados, entradas, publicacións e cartelería en xeral que anuncie as súas actividades, así como na páxina web e redes sociais.

6º.- O pago efectuarase nun único prazo previa xustificación do interesado. A xustificación rematará o **30 de xaneiro de 2022**.

Para facelo efectivo é condición necesaria que o CLUB ATLETISMO SANTIAGO presente no Rexistro Municipal do Concello de Santiago, **no prazo indicado no parágrafo anterior**, a seguinte documentación para a xustificación do convenio:

6.1.- Declaración asinada polo presidente da Entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade ter cumprido os compromisos especificados no punto 5º do presente convenio. Presentaranse como xustificantes recortes de prensa, fotografías, así como modelos de cartaces, entradas, abonos,, se existen, nos que se observe con claridade o cumprimento da parte que lles corresponde do establecido neste convenio.

6.2.- Facturas oficiais que se correspondan cos conceptos de gastos que figuran no apartado 4º do presente convenio, todas elas referidas ao ano 2021, debendo acreditarse o seu pagamento mediante transferencia bancaria con anterioridade a data límite de xustificación.

A contía a xustificar será polo importe total dos gastos realizados á data de presentación da xustificación do convenio e polos conceptos sinalados na cláusula 4ª. Tendo en conta que os gastos obxecto de subvención considéranse en base aos orzamentos da entidade para cada tempada deportiva, poderanse admitir desviacións ou alteracións na súa xustificación, sempre e cando, se manteña a finalidade do convenio e o xustificado supere o importe da subvención recollida no mesmo.

Excepcionalmente, e de forma xustificada, admitirase o pago en efectivo de facturas por importe inferior a 600 €, para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministros adquiridos en establecementos públicos como restaurantes, gasolinerías, supermercados, etc). Xustificarse o gasto mediante factura ou recibín asinado polo acredor indicando a data de abono, debendo figurar a expresión recibín ou outra análoga.

6.3.- Declaración asinada polo presidente da Entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade, que as axudas, subvencións, ingresos e recursos públicos ou privados, tanto os solicitados/previstos coma os acadados/concedidos, xunto coa subvención do Concello de Santiago non superaron e non está previsto que superen o orzamento de gastos do CLUB ATLETISMO SANTIAGO en cada unha das tempadas previstas neste convenio, nin cada un dos conceptos de gasto para os que se concede a subvención, previstos no artigo 4º.

6.4.- Orzamento actualizado de gastos e ingresos da entidade e da categoría obxecto de subvención correspondente á tempada 2021. De non ser posible a súa presentación deberá motivarse esta circunstancia.

6.5.- No momento inmediatamente anterior ao pago e no momento da xustificación **deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagos** coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, facenda da Comunidade Autónoma e o propio Concello de Santiago mediante certificacións das administracións correspondentes.

6.6.- Coa documentación, a maiores, se deberá presentar a documentación acreditativa que se solicita nos apartados 2.2 e 2.3 do presente convenio.

7º.- O prazo de vixencia deste convenio é desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 30 de xaneiro de 2022.

8º.- O incumprimento das obrigas que se impoñen ao interesado levará consigo a restitución dos importes dos pagos da subvención que en cada caso se tivese efectuado.

9º.- Polo Concello poderá esixirse, aparte das condicións establecidas neste convenio, as fórmulas de xustificación de cumprimento de obrigacións que se estimen convenientes.

10º.- Con respecto aos libros e rexistros contables que deba levar o CLUB ATLETISMO SANTIAGO, así como para reintegro de fondos, en caso de incumprimento e demais medidas de control e inspección, estarase ao disposto na lei 38/2003 xeral de subvencións e demais lexislación que no seu caso sexa de aplicación.

11º.- A contratación con terceiros para a execución dos servizos, asistenciais ou subministros necesarios por valores superiores a 15.000 € recollidos como gasto obxecto de subvención no punto cuarto deste convenio, realizaranse de acordo co disposto nas normas de contratación do sector público garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrència, igualdade e non discriminación.

12º.- De conformidade ao disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de Subvencións (RD 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, remitirase un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo adicional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas na lexislación aplicable ao respecto

13º.- O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta **ES32 2100 2186 9102 0033 1698 (BIC CAIXESBBXXX)**.



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



14º.- As actuacións en materia de protección de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o seu regulamento; e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

15º.- Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- c) Mutuo acordo entre as partes.
- d) O vencemento do seu prazo.
- e) A declaración xudicial de nulidade do convenio.

16º.- O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación da Lei, 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público segundo o sinalado no seu art. 6.2), sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.

Polo CONCELLO DE SANTIAGO

Polo CLUB ATLETISMO SANTIAGO

Asdo.: Xosé A. Sánchez Bugallo
ALCALDE

Asdo.: Alfonso López Mendiña
PRESIDENTE